

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 5 de novembro de 2013

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Agüete, Pilar
Muleiro Parada, Luis
Orge Míguez, José Carlos
Valcárcel Fernández, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Emma

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a. Antonia
Bouso Cedrón, Pedro
Cabeza Pereiro, Jaime
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, M^a. Belén
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
García Mosquera, Marta
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Martínez Hens, Helena
Martínez Yáñez, Nora M^a.
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Lago, José Ramón
Ruíz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Barreiro Carril, M^a.Cruz
Mourín González, Teresa

Álvarez Francés, Irene
Álvarez Morais, Noelia
Araujo Figueroa, Isaac Borja
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Estévez Castro, Águeda
Fernández Huidobro, Adrián
Francisco Bargiela, Agustín

Iníciase a reunión sendo as 16.00 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 30 de xullo de 2013).
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito de partidas orzamentarias do Centro.
4. Aprobación, se procede, de novos procedementos de calidade en relación com: a) Xestión dos programas formativos; b) Planificación e desenvolvemento do ensino; c) Información pública e rendemento de contas; d) Control dos documentos; e) Control dos rexistros.
5. Aprobación, se procede, dos informes provisionais de seguimento das titulacións do Centro.
6. Ratificación, se procede, do acordo de non impartición do Máster interuniversitario en Procuradoría,
7. Aprobación, se procede, do procedemento para a xestión das titorías do Centro.
8. Modificación, se procede, das composicións dos tribunais en 5^a, 6^a e 7^a convocatoria e fin de carreira correspondente á área de internacional privado.
9. Aprobación, se procede, da composición das comisións de avaliación curricular das titulacións do Centro.
10. Aprobación se procede, da proposta de concesión de premio extraordinario para o graduados/as dos Graos de Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.
11. Aprobación, se procede, da adhesión da Xunta de Facultade dunha iniciativa de Dereito Romano.
12. Adopción, se procede, dun acordo relativo á asistencia de membros ás Xuntas de Facultade, de Titulacións e Comisións do Centro.
13. Rogos e preguntas.

Comenza a reunión sendo as 16.00h.

A Decana excusa a ausencia na Xunta das seguintes persoas: Dona Esther M^a. Pillado González, Dona Teresa Estévez Abeleira, Don Pablo Grande Seara, Dona Teresa Martínez Táboas, Dona Elena Salgado André, Dona Mónica Zas Varela, Don Ángel M. Mariño de Andrés, Dona, Dona M^a Nieves López Prieto, Dona Paula Ramil Vázquez.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (acta da reunión do 30 de xullo de 2013).

A Profesora Marta García Mosquera solicita que se complete e corrixa o erro ortográfico no nome do Profesor Doutor D. Ángel Aday Jiménez Alemán.
Apróbase por asentimento.

2.- Informes da Decana

A Decana sinala, en primeiro lugar, que a responsable de Calidade do Centro, a Profesora Mar Rodríguez Domínguez, ten solicitada a asistencia a esta reunión, con voz e sen voto, para intervir nos puntos 4 e 5 da orde do día.

En segundo lugar, a Decana explica que dende o Decanato, impulsárase a iniciativa dos estudantes de recollida de alimentos e xoguetes para Cáritas e a Asociación de afectados pola hipoteca. A Secretaria da Facultade porase en contacto con Cáritas e a esta Asociación. Os conxerses tamén axudarán para custodiar o que se recolla.

En terceiro lugar, a Decana informa dos acordos de Consello de Goberno en relación cos recursos sobre as materias optativas novas do título de Grado en Dereito. A Secretaria Xeral admitiu a trámite o recurso da Área de Dereito Administrativo para ser tratada na seguinte Xunta de Titulación de Dereito, convocada para o día 7 de novembro. A Decana advirte que esta convocatoria realizouse polo Vicerreitorado segundo o encargo docente do curso académico 2012/2013. A Decana tamén advertiu desta cuestión no Consello de Goberno, non obstante, a Secretaría Xeral deulle a razón o Vicerreitorado.

En seguinte lugar, a Decana informa da necesidade de redistribución do crédito do Centro para a substitución de asentos de aulas pequenas. En concreto, cambiaranse todos os asentos dunha aula e cos compoñentes desa aula poderanse arranxar outros danos futuros nas restantes aulas. É unha solución custosa, polo que se roga que se teña coidado cos medios e equipacións das aulas. Tamén se destina unha cantidade económica para a adquisicións de manuais. A Decana aclara que se pretende que existan dous ou tres manuais por materia, así como lexislación actualizada. Finalmente, outra modificación de crédito ten que ver coa aportación á Unidade Técnica para que se realicen obras no centro, en concreto, que se constrúa unha sala versátil composta por mobles de módulos que se adapten a distintos tipos de reunións.

O estudante Sr. Miguel Diéguez pregunta si a Delegación de Estudantes foi consultada para a compra de manuais. A Decana contesta que a compra de libros responde ás peticións de estudantes de ter manuais das materias das titulacións do centro. Dado que eses manuais son os que o Profesor de cada materia selecciona e figuran na Guía Docente, consúltaselle aos Profesores.

O estudante Sr. Miguel Diéguez comenta que dende a Delegación de Estudiantes compraron libros que, non obstante, foron enviados á biblioteca sita na Facultade de Económicas. A Decana explica que non é competencia deste Decanato decidir onde deben colocarse os libros e que esa biblioteca é común a ambos centros, á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e á Facultade de Económicas. En calquera caso, a Decana ofrece a axuda do Decanato para comprar os libros que requiran os estudantes para o estudo.

A estudante Sra. Noelia Morais pregunta pola cantidade económica que conforma cada partida orzamentaria obxecto de transferencia. A Decana remítese a resposta do seguinte punto da orde do día.

3.- Aprobación, se procede, de transferencias de crédito de partidas orzamentarias do Centro.

A Decana da a palabra o Vicedecano Luis Muleiro Parada quen explica que ante as necesidades de gasto e visto o estado de execución de orzamento do Centro, tendo en conta as previsión ata o final do exercicio económico, así como a pertinente aprobación dos órganos de goberno da Facultade, propón:

1.- A realización dunha transferencia de crédito entre partidas de diferentes programas. En concreto, a transferencia de 18.500 € da partida 213 "Reparacións varias" ó presuposto da Unidade Técnica, segundo conversacións mantidas cós responsables desta última.

2.- A realización das seguintes transferencias de crédito entre partidas con vinculación no centro, en particular:

- En primeiro lugar, transferir 3.000 euros da partida 221.01 de "Suministros administración" (en concreto, de gasóleo) á partida de "Fondos bibliográficos" (628).

- En segundo lugar, transferir 2.000 € da partida 222 de "Comunicacións" (concretamente, de móbil do Decano) á partida de "Fondos bibliográficos" (628).

- En terceiro lugar, transferir da partida 226.99 relativa a "Outros gastos" as seguintes cantidades: 1ª) 4.443 € de Varios á partida de mobiliario e equipamento (625) y 2ª) 7.316,92 € de Producción docente á partida de mobiliario e equipamento (625).

- En cuarto lugar, transferir da partida 227.09 concernente a "Outros traballos realizados por empresas" (mantemento páxina web) os seus 2.000 á partida de "Fondos bibliográficos".

- En quinto lugar, pasar da partida 226.06: Reunións, conferencias e cursos: 1.000 euros a "Fondos bibliográficos" (628).

A Decana aclara que as reparacións foron asumidas pola Unidade Técnica porque o Decanato negouse a asumir a reparación do tellado do edificio da Facultade, por considerar que se trata de un problema estrutural que non terminará coas sucesivas reparacións. Isto permite un aforro importante como se manifesta nas posibilidades de transferencias de créditos que se acaban de explicar.

Estas transferencias de crédito apróbanse por asentimento.

4.- Aprobación, se procede, de novos procedementos de calidade en relación con: a) Xestión dos programas formativos; b) Planificación e desenvolvemento do ensino; c) Información pública e rendemento de contas; d) Control dos documentos; e) Control dos rexistros.

A Decana da a palabra a Profesora Mar Rodríguez Domínguez, responsable de calidade do Centro. Esta explica as modificacións levadas a cabo dende o Reitorado que dan lugar a estes procedementos comúns a tódolos Centros da Universidade de Vigo. Por exemplo: explica o control de rexistro, procedementos de xestión de mobilidade, de prácticas do estudante (dentro do PAT), o plan de promoción do centro, etc. Destaca unha importante novidade respecto do PAT, a partir de agora non precisa ser aprobado anualmente.

A Profesora Marta García Mosquera manifesta as dificultades para a lectura e consulta de toda a documentación enviada en relación coa calidade do Centro. Neste senso, insiste en varias cuestións que observou contraditorias como a referida ó “alumnado titor” (punto 5.5 e punto 6.1.3). A responsable de calidade do Centro, a Profesora Mar Rodríguez explica esta cuestión, Ela mesma e o bolseiro de calidade, o estudante Sr. Adrián Fernández Huidobro, coinciden en que en realidade, estes procedementos non aportan moitas novidades respecto da anterior normativa.

Estes procedementos de calidade apróbanse por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, dos informes provisionais de seguimento das titulacións do Centro.

A Decana da a palabra a Profesora Mar Rodríguez Domínguez, responsable de calidade do Centro. Esta explica que son informes provisionais e refírese á peculiaridade do Máster en Interuniversitario de Dirección e Xestión Laboral, en relación co informe de seguimento do título, pois debe seguir os trámites da Universidade de Santiago, por ser a Universidade Coordinadora. A Profesora Mar Rodríguez Domínguez solicita a delegación na Comisión Permanente para que se aproben os informes finais de seguimento das titulacións do Centro.

O Profesor Jaime Aneiros Pereira, responsable do informe de seguimento do Grao en Dereito na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo explica que este informe realizouse en consonancia co responsable da realización do mesmo informe no Grao en Dereito da Facultade de Dereito de Ourense. Os resultados obtidos resultaron moi satisfactorios. Non obstante, a Decana recorda que se trata dos primeiros anos de implantación do Grao.

Apróbanse por asentimento estes informes provisionais de seguimento das titulacións do Centro e a delegación na Comisión Permanente para aprobar os informes definitivos, si non hai modificacións sustanciais.

6.- Ratificación, se procede, do acordo de non impartición do Máster interuniversitario en Procuradoría.

A Decana explica que a Comisión do Máster Inteuniversitario da Procuradoria acordou a suspensión da impartición deste Máster, para o curso 2013/2014.

Ratifícase este acordo da Comisión Interuniversitaria do Máster da Procuradoria por asentimento.

7.- Aprobación, se procede, do procedemento para a xestión das titorías do Centro.

A Decana explica que se trata dun procedemento que responde a esixencias de calidade da docencia, xa que logo xa existe un procedemento de control da docencia presencial, requírese agora un procedemento de control de titorías. Isto tamén fará posible que en caso de incumplimento existan evidencias. A Decana explica que non se fixou un procedemento de queixa específico porque no seu caso, seguirase o procedemento normal de queixa, como coa docencia nas aulas. Tamén sinala que este procedemento xa está aprobado na Facultade de Dereito de Ourense.

A Decana pregunta a Mar Rodríguez, como responsable de calidade, si quere engadir algunha cuestión. Esta insiste nas referencias da Decana á calidade. En concreto, sinala que este procedemento pretende unicamente dotar ó Centro de evidencias de control da actividade docente, e carécese de el en relación coas titorías.

A Decana explica, resumidamente, a normativa e o funcionamento práctico que requirirá que os profesores baixen a asinar un parte á Conserxería.

A Profesora Helena Martínez Hens pide a palabra e solicita que conste en acta o seu desacordo con este procedemento e coa afirmación da Decana sobre o feito de que exista este procedemento en Ourense.

A Profesora Helena Martínez Hens pide que se incorpore a acta da reunión o documento que redactou e que procede a ler e que plasma o malestar de moitos profesores e estudantes. Destaca que na Facultade de Dereito de Ourense solo se leva a cabo o control a través dun parte de incidencias.

O estudante Sr. Miguel Diéguez manifesta a súa conformidade co escrito da Profesora Helena Martínez Hens.

A Decana explica que non se trata de ningún procedemento de control, soamente se pretende dar respostas as esixencias de calidade da docencia. En canto ao réxime de titorías durante as ausencias e permisos, o Profesor que se atope nesta situación, debe deixar unha persoa encargada das obrigas docentes, entre as que se atopa a de titorías. A Profesora Helena Martínez Hens pregunta pola vantaxe de aprobar este procedemento neste momento. A Decana explica a necesidade de dar cumprimento a legalidade. A Profesora Carmen Ruíz Hidalgo móstrase conforme coas manifestacións da Decana e sorpréndese de que despois de ter aprobado o procedemento de control de docencia presencial cos “partes” das clases, se volvan a plantexar diverxencias sobre estas cuestións.

A Profesora Pilar Trigo pregunta si durante o mes de xullo, no suposto de adiantar as vacacións, ten que nomear un substituto. A Decana explica que este procedemento de control de titorías debe terse en conta unicamente durante o período lectivo.

A Profesora Marta García Mosquera mostra a súa conformidade coa mellora da calidade da docencia, non obstante, considera que tódolos docentes cumpren coas obrigas de titorías e para constatalo non estima adecuado este procedemento.

A Decana insiste en que se trata de unha esixencia para mellorar a calidade da docencia, se ben, en Centros coma este no que hai áreas que teñen carencias de profesorado, son tamén evidencias que tamén poden ser útiles para reclamar ante o Reitorado máis profesorado.

A Vicedecana Pilar Allegue insiste en que se trata dun mecanismo para facer visibles os requirimentos da calidade na docencia, non se trata de ningún procedemento de control.

O estudante Sr. Miguel Diéguez pide que o Decanato se manifieste en contra das políticas de recorte e do Decreto “Wert”, a conta da carencia de profesorado. A Decana explica que xa existe un posicionamento anterior desta Xunta nese senso.

A Decana propón unha votación para resolver esta cuestión. O resultado da votación é de 11 votos a favor, 5 votos en contra e 9 abstencións. Apróbase o procedemento para a xestión de titurías.

8.- Modificación, se procede, das composicións dos tribunais en 5ª, 6ª e 7ª convocatoria e fin de carreira correspondente á área de internacional privado.

A Decana explica que o Profesor Miguel Michinel formaba parte deses tribunais, polo que ao atoparse en situación de ano sabático, ten que ser substituído. O Tribunal que se propón quedará composto por: Presidente, Profesora Helena Martínez Hens, Vogal: Margarita Fuenteseca Degeneffe e Secretaria: Esther González Pillado.

Apróbbase por asentemento.

9.- Aprobación, se procede, da composición das comisións de avaliación curricular das titulacións do Centro.

A Decana explica as modificacións que se propoñen: na titulación de Dereito, o tribunal do Departamento de Dereito Público Especial estará representado pola Profesora Carmen Ruíz Hidalgo, como titular e a Profesora Belén Fernández Docampo, como suplente; na titulación de Relacións Laborais e Recursos Humanos, o tribunal do Departamento de Dereito Público Especial estará representado polo Profesor Jaime Cabeza Pereiro, como titular e a Profesora Emma Rodríguez Rodríguez, como suplente.

Apróbbase por asentimento.

10.- Aprobación se procede, da proposta de concesión de premio extraordinario para o graduados//as dos Graos de Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos.

A Decana explica a nova normativa. A comisión nomeada polo Decanato para propor os nomes dos egresados para a concesión de premio extraordinario está composta por: Ana Mª.Pita Grandal, Presidenta; Pilar Allegue Agüete, Vogal; Emma Rodríguez Rodríguez, Secretaria.

A Decana lee os nomes que se propoñen: D. David Martínez de Abreu, correspondente a Licenciatura de Dereito; Dña. Sara Loureo Casado, correspondente ao Grao de Dereito; Dña. Carolina Roo Pereiro, correspondente ao Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Apróbanse por asentimento.

11.- Aprobación, se procede, da adhesión da Xunta de Facultade dunha iniciativa de Dereito Romano.

A Decana explica en que consiste a iniciativa da área de Dereito Romano. Trátase dun libro homenaxe ao Profesor Luis Rodríguez Ennes. A Decana recorda o importante CV e a brillante traxectoria profesional do Profesor Luis Rodríguez Ennes. Así propón que toda a Xunta se sume calorosamente a esta homenaxe.

Apróbbase por asentimento.

12.- Adopción, se procede, dun acordo relativo á asistencia de membros ás Xuntas de Facultade, de Titulacións e Comisións do Centro.

A Decana explica a razón deste punto na orde do día. Advirte que só forman parte da Xunta os Profesores con representación permanente, polo que moita docencia pode levarse a cabo. En caso contrario, preséntase esta proposta que principalmente otorga o dereito ao Profesor convocado a reunións de órganos colexiados do Centro para suspensión da docencia. A Decana lee o acordo.

A Profesora Helena Martínez Hens felicita ó equipo Decanal por esta iniciativa. A Profesora Marta García Mosquera, pregunta sobre a interpretación do acordo. En concreto, sobre a prevaenza de suspender as clases ou asistir a Xunta de Facultade. A Decana explica que se trata de un dereito/deber, se ben, debe prevalecer a convocatoria a reunión de Xunta ou Comisión delegada.

O estudante Sr. Miguel Diéguez propón que o Profesor comunique ós alumnos a asistencia a reunión pola plataforma telemática de docencia FAITIC. Apróbase esa proposta. A estudante Sra, Águeda Estévez pregúntase sobre a viabilidade do tempo estimado da suspensión. A Decana contesta que o Profesor pode facer unha estimación pola súa propia experiencia.

A Decana propón o seguinte acordo:

“Acórdase, por esta Xunta de Facultade, que os Profesores que formen parte de Xuntas e Comisións delegadas, quedan autorizados a suspender a/as clases polo tempo que prudentemente estimen e sempre que asistan a ditas convocatorias. Así mesmo, todos os Profesores quedan obrigados a facilitar a asistencia ás mencionadas Xuntas e Comisións dos señores alumnos/as, membros das mesmas. Instase aos Profesores para que en aras de evitar perxuízos ao alumnado, anuncien pola plataforma telemática de docencia - FAITIC- a súa intención de interrompirlas clases ou substituílas por outro método docente.”

Apróbase por asentimento. Tamén se acorda que a asistencia a Xuntas e Comisións prevalece fronte ás obrigacións de docencia.

13.- Rogos e preguntas.

A estudante Sra, Águeda Estévez pregunta cómo se establece a orde do día da Xunta da Facultade, xa que os estudantes presentaron un escrito con varias propostas e non se teñen recollido nesta orde do día. A Decana explícalle que é competencia da propia Decana e a Secretaria comproba a normativa ó respecto. A Decana explica que non se trataron os puntos referidos ó nome do salón de graos porque considera máis acertado que se faga unha consulta máis xeneralizada.

O estudante Sr. Miguel Diéguez fai referencia a fonte que solicitaron. A Decana comprométese a estudar este tema co Vicedecano correspondente, unha vez que se ten aclarado a que tipo de fonte se refire a petición.

O estudante Sr. Miguel Diéguez pregunta si se van a suspender as clases o vindeiro 25 de novembro ante a concentración prevista en contra do “tasazo” aprobado polo Ministro de Xustiza. A Decana explica que ela non pode suspender as clases.

A Profesora Marta García Mosquera roga que a documentación corresponde a Xunta se envíe coa convocatoria.

Non habendo máis rogos e preguntas levántase a sesión sendo as 19:00 horas do que dou fe como Secretaria.

Asdo. Emma Rodríguez Rodríguez